**Concello da Laracha**
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
**Sede Electrónica:** https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

# ACTA DE VALORACIÓN DO SOBRE B, APERTURA DO SOBRE C E VALORACIÓN DAS OFERTAS DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRAS: "HABILITACIÓN E MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS DO PARQUE EMPRESARIAL DA LARACHA"

Na Laracha, sendo as 10:40 horas do día 28 de agosto de 2024, reúnese a Mesa de Contratación na Sala de Xuntas do Concello. Sendo a apertura por medios electrónicos non é necesario que sexa en acto público.

Asiste o arquitecto técnico do Concello da Laracha para dar conta do informe elaborado polos servizos técnicos do Concello para a valoración das ofertas presentadas no Sobre B, o cal é o seguinte:

*"En atención ao disposto pola Mesa de Contratación en relación ás ofertas relativas ao procedemento de contratación das obras de "HABILITACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS DO PARQUE EMPRESARIAL DA LARACHA" informo sobre a valoración da documentación aportada conforme ao PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO (CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CON APLICACIÓN DE XUÍZOS DE VALOR E CRITERIOS DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA)"*

- Criterios de valoración.

  De acordo ao establecido no ANEXO Nº III: IDENTIFICACIÓN DO ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO, contén os aspectos que se valorarán, así como o número máximo de páxinas de cada apartado de acordo ao seguinte cadro:

| **Criterio de valoración / Documento** | | **Nº páxinas máximo** |
|---|---|---|
| ***1*** | - *Análise correcta do ámbito de actuación con indicación de posibles afeccións ao medio circundantes, servizos preexistentes ou persoas. Identificación das zonas de traballo e descrición das características concretas ou especias para cada unha a ter en conta durante a execución. Valorarase especialmente a adecuación aos traballos que se van realizar.*<br>- *Grao de detalle na descrición de tarefas*<br>- *Esquemas, bocexos e documentos gráficos, incluídas fotografías que acrediten o coñecemento da obra, da contorna, condicións particulares etc.*<br>- *Descrición técnica adecuada dos traballos que se van a realizar, con indicación por cada unidade de obra de:*<br>• *Duración temporal estimada*<br>• *Medios asignados* | ***6*** |
| ***2*** | - *Sistemas e metodoloxía propia da empresa para a protección do medio ambiente.*<br>- *Acreditación de dispoñer de selo ou sistema recoñecido que permita a empresa demostrar o compromiso asumido coa protección do medio* | ***4*** |

CVD: qLGQYrupc3Yj31xKfXNq
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| | *ambiente.*<br>- *Proposta para a xestión de residuos, sistemas de reciclaxe, valoración ou reutilización.* | |

O ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN describe os criterios para a adxudicación do procedemento de acordo ao seguinte cadro:

**FASE I.: Criterios non valorables de forma automática**.

| ***Nº*** | ***Denominación do Criterio*** | ***Xustificación de que e como se vai a valorar , exposta de forma clara , motivada e completa*** | | ***Puntos*** |
|---|---|---|---|---|
| | | ***Contido. Ponderación*** | ***Puntuación máxima expresada en %*** | |
| ***1*** | *PROGRAMA DE TRABALLO* | *Ofertas que presenten un programa de traballo completo e que se axuste ás características da obra.* | *75 a 100%* | ***17*** |
| | | *Ofertas que presenten un programa de traballo suficiente que se axuste ás características da obra.* | *55 a 74,99%* | |
| | | *Ofertas que presenten un programa de traballo suficiente ou completo que non se axuste ás características da obra.* | *30 a 54,99%* | |
| | | *Ofertas que presenten un programa de traballo incompleto que non se axuste ás características da obra.* | *0 a 29,99%* | |
| ***2*** | *ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS* | *Ofertas que presenten un documento de actuacións medioambientais completo e que se axuste ás características da obra.* | *75 a 100%* | ***8*** |
| | | *Ofertas que presenten un documento de actuacións medioambientais suficiente que se axuste ás características da obra.* | *55 a 74,99%* | |
| | | *Ofertas que presenten un documento de actuacións medioambientais suficiente ou completo que non se axuste ás características da obra.* | *30 a 54,99%* | |
| | | *Ofertas que presenten un documento de actuacións medioambientais incompleto que non se axuste ás características da obra.* | *0 a 29,99%* | |

CVD: qLGQYrupc3Yj31xKfXNq
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Puntuación mínima esixible para pasar á FASE II: 50 % do total de puntos da fase I**

Para levar a cabo a valoración non se tomaron criterios distintos dos indicados máis arriba.

Asignouse unha valoración a cada un dos ítems preestablecidos e ponderouse en función das porcentaxes establecidas, redondeando as puntuacións as dous decimais segundo corresponda por exceso ou por defecto.

Tamén se tiveron en conta as características concretas da obra e do proxecto, a súa entidade, distribución espacial, orzamento etc.

1. Análise das ofertas presentadas.

Valóranse as ofertas que constan no expediente e que son as seguintes:

| | ***LICITADOR*** |
|---|---|
| *1* | *CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.* |
| *2* | *CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.* |
| *3* | *MANTIDO, S.L* |
| *4* | *FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L.* |
| *5* | *EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L* |
| *6* | *SUCCESS INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.A* |

Tras a revisión da documentación achegada polas distintas empresas licitadoras informo sobre a súa adecuación ao requirido nos pregos e as características das obras:

***A) Programa obra***

| | ***LICITADOR*** | ***Motivación*** | ***Puntuación proposta (de 0 a 17 puntos)*** | |
|---|---|---|---|---|
| *1* | *CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.* | *A oferta achega un programa de traballo que presenta unha definición completa con suficiente adaptación á obra Valórase especialmente a análise do ámbito e a acreditación do coñecemento da obra* | ***13,18*** | *77,50%* |
| *2* | *CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.* | *A oferta achega un programa de traballo que presenta unha definición completa con suficiente adaptación á obra Valórase especialmente a descrición de tarefas con asignación de recursos materiais e humanos.* | ***12,75*** | *75%* |
| *3* | *MANTIDO, S.L* | *A oferta achega un programa de traballo que presenta unha definición completa con suficiente adaptación á obra. Considerouse* | ***13,18*** | *77,50%* |

CVD: qLGQYrupc3Yj31xKfXNq
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | *pouco detallada a descrición de tarefas con asignación de recursos materiais e humanos, se ben se valorou especialmente o grao de coñecemento das obras acreditado.* | | |
| *4* | *FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L.* | *A oferta achega un programa de traballo que presenta unha definición completa con suficiente adaptación á obra Valórase especialmente a descrición e análise do ámbito.* | ***14,03*** | *82,50%* |
| *5* | *EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L* | *A oferta achega un programa de traballo que presenta unha definición completa con suficiente adaptación á obra Valórase moi especialmente a descrición de tarefas con asignación de recursos materiais e humanos.* | ***13,18*** | *77,50%* |
| *6* | *SUCCESS INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.A* | *A oferta achega un un programa de traballo suficiente que se axusta ás características da obra. Considerouse moi pouco detallada a descrición de tarefas con asignación de recursos materiais e humanos, se ben se valorou especialmente o grao de coñecemento das obras acreditado.* | ***10,63*** | *62,50%* |

***B) Actuacións medioambientais***

| | ***LICITADOR*** | ***Motivación*** | ***Puntuación proposta (de 0 a 8 puntos)*** | |
|---|---|---|---|---|
| *1* | *CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.* | *A oferta contén un documento de actuacións medioambientais completo e que se axusta ás características da obra. Valórase especialmente o sistema e metodoloxía da empresa e a proposta de xestión de residuos contida na documentación presentada.* | ***6,40*** | *80%* |
| *2* | *CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.* | *A oferta contén un documento de actuacións medioambientais suficiente e que se axusta ás características da obra. Valórase especialmente o sistema e metodoloxía da empresa e a proposta de xestión de residuos contida na documentación presentada, se ben acreditou dispor de políticas propias da organización en canto a xestión* | ***5,60*** | *70%* |

CVD: qLGQYrupc3Yj31xKfXNq
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | *medioambiental.* | | |
| *3* | *MANTIDO, S.L* | *A oferta contén un documento de actuacións medioambientais suficiente e que se axusta ás características da obra. Non acreditou dispor de políticas propias da organización en canto a xestión medioambiental.* | ***4,80*** | *60%* |
| *4* | *FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L.* | *A oferta contén un documento de actuacións medioambientais completo e que se axusta ás características da obra. Valórase especialmente o sistema e metodoloxía da empresa e a proposta de xestión de residuos contida na documentación presentada e a existencia de selos que acreditan dispor de políticas propias da organización en canto a xestión medioambiental.* | ***6,93*** | *86,67%* |
| *5* | *EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L* | *A oferta contén un documento de actuacións medioambientais suficiente e que se axusta ás características da obra. Non acreditou dispor de políticas propias da organización en canto a xestión medioambiental.* | ***5,33*** | *66,67%* |
| *6* | *SUCCESS INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.A* | *A oferta contén un documento de actuacións medioambientais completo e que se axusta ás características da obra. Valórase especialmente a existencia de selos que acreditan dispor de políticas propias da organización en canto a xestión medioambiental.* | ***6,40*** | *80%* |

2. Resumo das valoracións.

Á vista da análise efectuada, e unha vez sumadas as puntuacións de cada apartado obtéñense as seguintes puntuacións totais:

| | ***LICITADOR*** | ***PT*** | ***PAM*** | ***TOTAL*** |
|---|---|---|---|---|
| *1* | *CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.* | 13,18 | 6,4 | 19,58 |
| *2* | *CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.* | 12,75 | 5,6 | 18,35 |
| *3* | *MANTIDO, S.L* | 13,18 | 4,8 | 17,98 |
| *4* | *FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L.* | 14,03 | 6,93 | 20,96 |
| *5* | *EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L* | 13,18 | 5,33 | 18,51 |
| *6* | *SUCCESS INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.A* | 10,63 | 6,4 | 17,03 |

CVD: qLGQYrupc3Yj31xKfXNq
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3. E en conclusión:

Avaliouse a documentación presentada polas empresas indicadas e que consta no expediente.
Todas as empresas superaron a puntuación mínima esixible.
A puntuación total obtida de xeito decrecente é a seguinte:

| | *LICITADOR* | *TOTAL* |
|---|---|---|
| *1* | *FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L.* | 20,96 |
| *2* | *CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.* | 19,58 |
| *3* | *EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L* | 18,51 |
| *4* | *CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.* | 18,35 |
| *5* | *MANTIDO, S.L* | 17,98 |
| *6* | *SUCCESS INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.A* | 17,03 |

Na Laracha, na data que figura na sinatura electrónica.

Ramón Soengas Gómez
Arquitecto técnico municipal”

Os membros da Mesa de contratación deciden aceptar as puntuacións do sobre B e procédese á apertura do sobre C.

As empresas presentaron as seguintes ofertas:

**Prezo de Licitación (sen ive): 212.761,38 €**

| LICITADOR | OFERTA REDUCIÓN DE PRAZO | OFERTA ECONÓMICA |
|---|---|---|
| EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L. | 20 | 159746,87 |
| CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L. | 0 | 171439,96 |
| CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L | 20 | 167237,48 |
| SUCCESS INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS, S.A. | 20 | 163720,76 |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. | 20 | 166780,3 |

CVD: qLGQYrupc3Yj31xKfXNq
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| MANTIDO SL | 5 | 164160,35 |

Ningunha empresa se atopa en baixa temeraria. Realizada a valoración das ofertas as empresas acadan a seguinte puntuación:

| LICITADOR | PUNTUACIÓN REDUCIÓN DE PRAZO | PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA |
|---|---|---|
| EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L. | 20 | 55,00 |
| CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L. | 0 | 51,25 |
| CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L | 20 | 52,54 |
| SUCCESS INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS, S.A. | 20 | 53,67 |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. | 20 | 52,68 |
| MANTIDO SL | 5 | 53,52 |

Tendo en conta a valoracións dos sobres B e C a puntuación total da licitación é a seguinte:

| LICITADOR | SOBRE B | SOBRE C | TOTAL |
|---|---|---|---|
| EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L. | 18,51 | 75,00 | 93,51 |
| CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L. | 19,58 | 51,25 | 70,83 |
| CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L | 18,35 | 72,54 | 90,89 |
| SUCCESS INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS, S.A. | 17,03 | 73,67 | 90,70 |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. | 20,96 | 72,68 | 93,64 |
| MANTIDO SL | 17,98 | 58,52 | 76,50 |

Polo tanto, e visto todo o anterior, esta Mesa de Contratación propón o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Clasificar as empresas por orde decrecente de puntuación total:

CVD: qLGQYrupc3Yj31xKfXNq
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| CLASIFICACIÓN | LICITADOR | PUNUTACIÓN OFERTA ECONÓMICA |
|---|---|---|
| 1 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. | 93,64 |
| 2 | EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L. | 93,51 |
| 3 | CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L | 90,89 |
| 4 | SUCCESS INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS, S.A. | 90,70 |
| 5 | MANTIDO SL | 76,50 |
| 6 | CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L. | 70,83 |

**SEGUNDO.-** Requirir a FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.**.,** primeira clasificada, para que presente a documentación requirida no Prego de Cláusulas Administrativas no prazo de sete días hábiles para a adxudicación da obra. Dita documentación terá que ser remitida a través da sede electrónica do Concello da Laracha: https://sede.alaracha.gal/sxc/es/

Non habendo máis asuntos que tratar, pola presidencia declárase levantado o acto acordando a redacción da presente acta que estendo eu, Secretaria da Mesa, asinando dixitalmente, todos os membros da Mesa.

CVD: qLGQYrupc3Yj31xKfXNq
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.